Tendrán la condición de solar las superficies de suelo urbano legalmente divididas y aptas para la edificación que cuenten con acceso por vía pública pavimentada y servicios urbanos de abastecimiento de agua potable, evacuación de aguas residuales a la red de saneamiento, suministro de energía eléctrica y iluminación pública, en condiciones de caudal y potencia adecuadas para los usos permitidos. Se existe planeamiento, además de lo anterior, deberán estar urbanizadas de acuerdo con las alineaciones y rasantes de todas las vías a las que den frente.

CONDICIONES DE EDIFICACIÓN PARA PARCELAS QUE ALCANCEN LA CONDICIÓN DE SOLAR:

Las construcciones e instalaciones deberán adaptarse al ambiente en el que estén situadas, y para tal efecto:

- Las construcciones en lugares inmediatos a un edificio o a un conjunto de edificios de carácter histórico o tradicional deberán armonizar con él.
- En los lugares de paisaje abierta o natural, o en las perspectivas que ofrezcan los conjuntos urbanos de características históricas o tradicionales y en las inmediaciones de las carreteras o caminos de trayecto pintoresco, no se permitirá que la situación, masa o altura de las construcciones, muros y cerramientos, o la instalación de otros elementos, limiten el campo visual para contemplar las bellezas naturales, rompan la armonía del paisaje, desfiguren la perspectiva propia de ella o limiten o impidan la contemplación del conjunto.
- La tipología de las construcciones y los materiales y colores empleados deberán favorecer la integración en el contorno inmediato y en el paisaje.
- Las construcciones deberán presentar todos sus paramentos exteriores y cubiertas totalmente terminados.
- Queda prohibida la publicidad estática que por sus dimensiones, localización o colorido no cumpla las anteriores prescripciones.
- En las zonas de flujo preferente y en las áreas amenazadas por graves riesgos naturales o tecnológicos como explosión, incendio, contaminación, hundimiento u otros análogos solo se permitirán las construcciones y usos admitidos por las legislaciones sectoriales correspondientes.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- Demolición
- Reforma
- Ampliación
- Nueva planta





1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda colectiva

Usos admisibles: sólo se admitirán además del uso característico, los terciarios que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, es decir, sólo se admitirán las oficinas, comercios y talleres de nivel de compatibilidad similar al doméstico.

1.3. Tipologías edificatorias

Vivienda colectiva adosada a medianeras existentes, pareada y en hilera, que deberán justificar sus condiciones tipológicas para garantizar la integración de las nuevas edificaciones con las preexistentes.

Esta justificación será extensible a las condiciones geométricas, de la edificación, en coherencia con las condiciones generales de parcela.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 200 m²

Frente mínimo: Será de 10 m. pudiéndose autorizar la edificación en parcelas con frente menor 8 m. en el caso de viviendas adosadas a medianeras existentes o pareadas.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos 3 metros y podrá retranquearse de la alineación hasta un máximo de 8 metros, pudiéndose adosar con uno de los colindantes previo acuerdo por escrito de las partes y obligándose a adosar en el caso de existir una edificación con medianera existente sobre dicha parcela; en caso de existir dos medianeras sobre una misma parcela, no se obligará a tener un frente mínimo de 8 metros, ni las demás condiciones de edificación.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se permite la planta sótano, con ocupación de toda la parcela para aparcamientos y servicios.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coronación: será de 4,00 metros sobre el último forjado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1,00 metros. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan cuerpos volados como elementos añadidos al cuerpo principal de la construcción tales como galerías o miradores, no pudiendo cerrarse con elementos opacos en más del 50% de su superficie.

La dimensión de los vuelos serán las definidas en las condiciones generales de edificación y a una altura de 3,5 metros.

Balcones: En los cuerpos volados no se autorizan a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 60 cm.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, será obligatoriamente de planta baja y una altura máxima de 3 metros, no superando en





ningún caso los 30 m. de superficie. Siempre que superen los 15 m, no podrán autorizarse, sin existencia de edificación principal.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0'40 metros.

Cubiertas, materiales: Las cubiertas se resolverán prioritariamente a dos aguas utilizando en cualquier caso como material de cobertura teja cerámica. Estarán compuestas de faldones rectos del alero al cumio, prohibiéndose la construcción de mansardas.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se adoptarán soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS - MANUEL ANDRÉS PARDO VILAS.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 5ª Residencial Media Colectiva Aliñada e Solo Rústico de Protección Ordinaria.

SITUACIÓN: Rúa Mestre Lorenzo Mene Trabadell nº 21, Palmeira, Riveira.

REFª CATASTRAIS: 3143807NH0134S0000TG e 3143807NH0134S0001YH.

PARCELA MATRIZ con refª catastrais nº 3143807NH0134S0000TG e 3143807NH0134S0001YH, que de acordo coas escrituras de propiedade e documentación catastral conta cunha superficie de 3.232,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 3.199,00 m² que linda: Norte con parcela e edificación colindante con varias vivendas sinaladas co nº 31; Sur con outras propiedades e en parte co Sr. Manuel Pardo Villa; Leste coa Rúa Mestre Lorenzo Mene Trabadell e en parte co Sr. Manuel Pardo Villa e en parte co Sr. José Pardo Villa; Oeste coa Sra. Encarnación Martínez Pérez e outros.

PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:





PARCELA A de 2.620,00 m² que linda: Norte coa parcela B resultante da segregación e en parte coa edificación colindante con varias vivendas sinaladas co nº 31; Sur en parte co Sr. Manuel Pardo Villa e en parte con outras propiedades; Leste en parte coa superficie de cesión da parcela A a dominio público e en parte coa Rúa Mestre Lorenzo Mene Trabaddell e en parte co Sr. Manuel Pardo Villa e en parte co Sr. José Pardo Villa; Oeste coa Sra. Encarnación Martínez Pérez e outros.

PARCELA B de 572,00 que linda: Norte coa edificación colindante con varias vivendas sinaladas co nº 31; Sur coa parcela A resultante da segregación; Leste en parte coa superficie de cesión da parcela B a dominio público e en parte coa Rúa Mestre Lorenzo Mene Trabaddell; Oeste coa parcela A resultante da segregación.

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño comprende unha superficie total de cesión de 7,00 m², resultando na franxa sita na Parcela A de 3,00 m² e na franxa sita na Parcela B de 4,00 m².

PROMOTOR/A: Sr. Manuel Andrés Pardo Vilas, (D.N.I. 35.994.257-Q).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Xerardo S. Tarrío Calvo.

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de agosto de 2018 / Escritura de Propiedade.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Sr. Manuel Andrés Pardo Vilas, (D.N.I. 35.994.257-Q), solicitábase, en escritos rexistrados de entrada nas datas 27 de xullo e 16 de agosto de 2018, (Rexistro de entrada nº 11.126 e 11.925), licenza de segregación de parcela con ref^a catastrais nº 3143807NH0134S0000TG e 3143807NH0134S0001YH, sita no Rúa Mestre Lorenzo Mene Trabaddell nº 21, Palmeira, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de agosto de 2018 redactado polo Sr. Xerardo S. Tarrío Calvo Escritura de Propiedade.

SEGUNDO.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe técnico con sinatura dixital favorable na data 4 de setembro de 2018, sinalando que en cada unha das novas fincas resultantes se cumpren as determinacións e parámetros urbanísticos establecidos pola Lei 2/2016 do Solo de Galicia e polo Planeamento Municipal, ademais, considerando que nas resultantes levántanse edificacións, constata o Arquitecto Municipal que se respeta a ocupación e edificabilidade máximas posibles correspondentes ao tipo de solo no que se encadra.

TERCEIRO.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño asina na data 4 de setembro de 2018 o acta de de cesión a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, comprendendo unha superficie total de cesión de 7,00 m², resultando na franxa sita na Parcela A de 3,00 m² e na franxa sita na Parcela B de 4,00 m².

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de





data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CON ORDENANZA 5ª RESIDENCIAL MEDIA COLECTIVA ALIÑADA** e **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA**.

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de agosto de 2018 redactado polo Sr. Xerardo S. Tarrío Calvo Escritura de Propiedade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

CUARTO.- O artigo 149 establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

QUINTO.- O artigo 150 establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos





propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

SEXTO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

OITAVO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente, visto o informe con sinatura dixital favorable na data 4 de setembro de 2018 emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 2 de xullo e 24 de agosto de 2018, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 09/10/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes,
ACORDA:

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sra. Sr. Manuel Andrés Pardo Vilas a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA (Nº 7/18)** con refª catastrais nº 3143807NH0134S0000TG e 3143807NH0134S0001YH, sita no Rúa Mestre Lorenzo





Mene Trabadell nº 21, Palmeira, Riveira, solicitada nos termos Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de agosto de 2018 redactado polo Sr. Xerardo S. Tarrío Calvo Escritura de Propiedade, resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- **PARCELA A** de 2.620,00 m² que linda: Norte coa parcela B resultante da segregación e en parte coa edificación colindante con varias vivendas sinaladas co nº 31; Sur en parte co Sr. Manuel Pardo Villa e en parte con outras propiedades; Leste en parte coa superficie de cesión da parcela A a dominio público e en parte coa Rúa Mestre Lorenzo Mene Trabadell e en parte co Sr. Manuel Pardo Villa e en parte co Sr. José Pardo Villa; Oeste coa Sra. Encarnación Martínez Pérez e outros.
- **PARCELA B** de 572,00 m² que linda: Norte coa edificación colindante con varias vivendas sinaladas co nº 31; Sur coa parcela A resultante da segregación; Leste en parte coa superficie de cesión da parcela B a dominio público e en parte coa Rúa Mestre Lorenzo Mene Trabadell; Oeste coa parcela A resultante da segregación.
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño comprende unha superficie total de cesión de 7,00 m², resultando na franxa sita na Parcela A de 3,00 m² e na franxa sita na Parcela B de 4,00 m²

SEGUNDO.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño comprende unha superficie total de cesión de 7,00 m², resultando na franxa sita na Parcela A de 3,00 m² e na franxa sita na Parcela B de 4,00 m².

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*





- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS - MARCELINO SANTOS FERNÁNDEZ.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.1 Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada e Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

SITUACIÓN: Avda de Ferrol nº 116, Riveira.

REFª CATASTRAIS: A parcela matriz ten asignadas dúas refª catastrais 0328417NH0102N0001XI e 0328407NH0102N0001TI

PARCELA MATRIZ con refª catastrais nº 0328417NH0102N0001XI e 0328407NH0102N0001TI, que de acordo coas escrituras de propiedade (declaración de obra nova do ano 1986) conta cunha superficie de 595,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no proxecto e documentación catastral a superficie da finca é de 608,00 m² que linda: Norte co Sr. Ventura Matínez; Sur co Sr. Juan Arguibay Torres (casa co nº 114 da Avda de Ferrol); Leste estrada do lugar de Deán Pequeno; Oeste estrada AC-550.

PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

PARCELA A de 244,00 m² que linda: Norte co Sr. Ventura Matínez; Sur co Sr. Juan Arguibay Torres (casa co nº 114 da Avda de Ferrol); Leste Parcela B resultante da segregación; Oeste estrada AC-550.

PARCELA B de 334,00 que linda: Norte co Sr. Ventura Matínez; Sur co Sr. Juan Arguibay Torres (casa co nº 114 da Avda de Ferrol); Leste coa superficie de cesión da parcela B a dominio público; Oeste Parcela A resultante da segregación.

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño comprende unha superficie total de cesión de 30,00 m², resultando na franxa sita na Parcela B resultante da segregación.

PROMOTOR/A: Sr. Marcelino Santos Fernández, (D.N.I. 35.154.779-A).

AUTOR/A PROXECTO: Sra Mª Pilar García Alboreda, (arquitecto col. nº 2.188).

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2018 / Escritura de Propiedade.

Visto o expedinete de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Sr. Marcelino Santos Fernández, (D.N.I. 35.154.779-A), solicitábase, en escritos rexistrados de entrada nas datas 7 de setembro de 2018, (Rexistro de entrada nº 12.979), licenza de segregación de parcela con refª catastrais nº 0328417NH0102N0001XI e 0328407NH0102N0001TI, sita no Avda de Ferrol nº 116, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180278736
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2018	JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 23/10/2018	Fecha: 23/10/2018 Hora: 10:52
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2018 10:52:19		





2018 redactado pola Sra M^a Pilar García Alboreda, (arquitecto col. nº 2.188), así como Escritura de Propiedade.

SEGUNDO.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe técnico con sinatura dixital favorable na data 12 de setembro de 2018, sinalando que en cada unha das novas fincas resultantes se cumpren as determinacións e parámetros urbanísticos establecidos pola Lei 2/2016 do Solo de Galicia e polo Planeamento Municipal, ademais, considerando que nas parcelas resultantes levántanse edificacións, constata o Arquitecto Municipal que se respecta a ocupación e edificabilidade máximas posibles correspondentes ao tipo de solo no que se encadra.

TERCEIRO.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño establece a cesión a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, comprendendo unha superficie total de cesión na franxa sita na Parcela B de 30,00 m².

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, ORDENANZA 6.1 RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR AGRUPADA e SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.**

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contrañan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2018 redactado pola Sra M^a Pilar García Alboreda, (arquitecto col. nº 2.188), así como Escritura de Propiedade.





Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

CUARTO.- O artigo 149 establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

QUINTO.- O artigo 150 establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- d) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- e) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- f) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que





se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

SEXTO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

OITAVO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente e visto o informe con sinatura dixital favorable na data 12 de setembro de 2018 emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 16/10/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Marcelino Santos Fernández a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA (Nº 8/18)** con refª catastrais nº 0328417NH0102N0001XI e 0328407NH0102N0001TI, sita no Avda de Ferrol nº 116, Riveira, solicitada nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de agosto de 2018 redactado pola Sra Mª Pilar García Alboreda, (arquitecto col. nº 2.188), resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- **PARCELA A** de 244,00 m² que linda: Norte co Sr. Ventura Matínez; Sur co Sr. Juan Arguibay Torres (casa co nº 114 da Avda de Ferrol); Leste Parcela B resultante da segregación; Oeste estrada AC-550.
- **PARCELA B** de 334,00 que linda: Norte co Sr. Ventura Matínez; Sur co Sr. Juan Arguibay Torres (casa co nº 114 da Avda de Ferrol); Leste coa superficie de cesión da parcela B a dominio público; Oeste Parcela A resultante da segregación.
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño comprende unha superficie total de cesión de 30,00 m², resultando na franxa sita na Parcela B resultante da segregación

SEGUNDO.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas





polo planeamento, que segundo o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño comprende unha superficie total de cesión de 30,00 m², resultando na franxa sita na Parcela B resultante da segregación.

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA RUTH ROMERO OUJO POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA RÚA DE GALICIA. Expediente RP/7/2017.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dona Ruth Romero Oujo**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 15 de marzo de 2017, dona Ruth Romero Oujo ía camiñando pola rúa de Galicia, cando ao chegar á altura do número 8 no que se atopa o establecemento denominado “*Panadería La Toscana*”, tropezou cun desnivel existente na rúa provocado polo afundimento dunha tapa de rexistro, o que fixo que perdera o equilibrio caendo ao chan.





Segundo.- Como consecuencia do accidente, a Sra. Romero Oujo tivo que recibir asistencia médica no servizo de urxencias do Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron unha torcedura de nocello do pe esquerdo.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 16/03/2017 co número 4.445, dona Ruth Romero Oujo promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos e lesións sufridos pola mencionada caída.

Co seu escrito de reclamación achega copia simple dun informe de alta de urxencias emitido polo Hospital da Barbanza na data 15/03/2017.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 22/06/2017 co número 10.972, a reclamante solicita unha indemnización polas lesións sufridas que cuantifica na contía de 7.000 a 10.000 euros.

A continuación, mediante escrito rexistrado de entrada na data 25/09/2017 co número 15.280, a Sra. Romero Oujo achega copia simple de tres informes médicos: dous informes emitidos na data 01/09/2017 pola doutora Susana Araceli Fernández Castro do Hospital da Barbanza; e un informe emitido na data 12/06/2017 polo doutor José Antonio Crujeiras Sampedro do Centro de Saúde.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe realizado pola Policía local remitido na data 16/06/2017.
- Informe emitido por Viaqua, rexistrado de entrada na data 29/05/2018.
- Informe emitido na data 06/07/2018 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, non constando a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola





lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...). 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou





psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Ruth Romero Oujo para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido á altura do número 8 da rúa de Galicia, e fíxoo en tempo e forma idóneas**, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Riveira, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “pavimentación de vías públicas urbanas”, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos e as lesións sufridas pola Sra. Romero Oujo. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba a rúa de Galicia na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Riveira, tivo constancia dos feitos polos que se reclama, podendo comprobar a veracidade dos mesmos** tal e como se reflicte en informe emitido na data do sinistro e no que se dispón o seguinte: *“Que durante el servicio de mañana del miércoles 15 de marzo de 2017, fuimos requeridos por medio de la Jefatura (...) de la Policía Local y esta a su vez por un particular (viandante); **DENUNCIANDO las lesiones sufridas sobre las 14:00 horas del día 15 de marzo de 2017, en la vía pública urbana, a la altura del nº 8 en Rúa de Galicia de la localidad de Ribeira (A Coruña). Personados los actuantes en el lugar han comprobado como la persona denunciante se encontraba sentada en una silla con el pie izquierdo lastimado y no podía moverse, según manifestaciones de la denunciante. Los agentes que suscriben tras entrevistarse con la denunciante, que mediante D.N.I. número 44.149.918S, acredita ser RUTH ROMERO OUJO, (...). MANIFIESTA: Que venía andando por la Rúa de Galicia con dirección a la iglesia, al llegar a la altura de la Panadería A Toscana, tropecé con un resalte de una tapa de registro, cayendo y lesionándome el pie izquierdo. Se solicita la ambulancia para su traslado al H.C.B.. La tapa del registro se señala con un cono de señalización y se da aviso a viaqua.***





Cabe mencionar que el tramo de la acera donde se han producido los hechos está hundida con un desnivel aprox. de 3 cm, en relación al resto de la calle peatonal. Según la opinión de los actuantes esta circunstancia puede resultar peligrosa para los viandantes que transitan por la zona (para mayor detalle se remite al informe fotográfico). También decir que la zona que nos ocupa no se encontraba señalizada con ningún tipo de señalización.

- A entidade VIAQUA, en informe emitido na data 16/05/2018, rexistrado de entrada 29/05/2018 co número 7.880, informa o seguinte: *“1) Este servicio no tiene constancia del siniestro producido hasta la comunicación del Concello. Si que se recibió aviso de la Policía local en la fecha indicada con respecto a un registro en mal estado, pero no se nos comunicó que hubiera producido siniestro alguno. 2) La deficiencia que tenía la tapa (actualmente ya está corregida) se debía al paso sobre ella de vehículos, cuando no estaba preparada para este fin. Antes de la reforma reciente de la calle en ese punto, que consistió en el adoquinado del vial hasta la misma rasante que las aceras, convirtiéndola en una calle semipeatonal, la tapa estaba en la acera, a un nivel superior que el vial, y solo pasaban sobre ella peatones. Con la reforma de la calle, convirtiéndola en una única plataforma, muchos vehículos de descarga de mercancías comenzaron a pasar sobre ella o aparcar encima, produciendo un leve hundimiento en su asentamiento, como se observa en las fotos del informe policial. 3) Viaqua, recibida la comunicación de una tapa en mal estado por parte de la Policía Local, procedió a corregir la deficiencia, que consistió en el refuerzo del asentamiento y nivelado del marco del registro, para que pueda soportar más peso si fuera necesario. Todo lo cual se pone en conocimiento del Concello de Riveira, para que adopte las medidas que estime oportunas.”*
- A enxeñeira municipal, en informe emitido na data 06/07/2018, dispón que: *“En el Departamento de Obras Públicas no se tuvo constancia del accidente por el que se reclama. Tampoco se tuvo constancia del estado exacto de la zona del accidente en la fecha en la que sucedió el mismo (15/03/2017), sin embargo y observando las fotografías que constan en el informe realizado por la Policía local, se puede apreciar la existencia de un desnivel de la tapa del registro con respecto al resto de la calle, lo que supone un obstáculo para los viandantes. En fecha 30/05/2017, se ha procedido por parte del departamento de obras públicas a la revisión de la rúa de Galicia, en concreto del tramo de la calle en la que sucedió la caída de la Sra. Romero Ojujo, comprobándose que la referida tapa del registro se encuentra en buen estado y colocada al nivel de la calle. Se adjuntan a este informe 2 fotografías tomadas el 30/05/2017. No constan quejas ni más reclamaciones al respecto.”*

Da análise das probas practicadas, **extraemos a seguinte conclusión: que á altura do número 8 da rúa de Galicia na data do accidente existía un desnivel formado ao afundirse a tapa dun rexistro, circunstancia que pode cualificarse de**





obstáculo para o camiñar dos viandantes e foi o que provocou a caída da Sra. Romero Oujo.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexa de causalidade** directo, exclusivo e inmediato entre o funcionamento do servizo municipal e os danos e lesións sufridos pola reclamante.

Respecto do **quantum indemnizatorio**, cómpre proceder á análise da contía solicitada pola reclamante, tendo en conta que, en relación ós danos persoais, debemos acudir á Lei 35/2015, do 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de circulación, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

A Sección 3ª do citado texto legal refírese ás indemnizacións por lesións temporais. Fronte á distinción anterior entre estancia hospitalaria, días impositivos ou non impositivos e factores de corrección segundo ingresos, os artigos 136 ao 143 regulan o prexuízo persoal básico, o particular e o patrimonial por lesións temporais.

Na reparación do prexuízo persoal a nova regulación distingue catro niveis indemnizatorios: ingreso en UCI, día hospitalario, día impositivo e día non impositivo, constituíndo este último o prexuízo persoal básico e os tres primeiros o prexuízo persoal particular.

O prexuízo persoal básico é o prexuízo “común” (artigo 136.1) e resarce os días non impositivos que transcorren dende a data do accidente ata a sanación ou estabilización das lesións cunha cantidade fixa de 30 euros por día.

No prexuízo persoal particular está previsto o resarcimento de dous conceptos prexudiciais específicos: a perda temporal de calidade de vida que se mide en tres grados: moi grave, grave e moderado; e a intervencións cirúrxicas.

No presente caso, a reclamante solicita unha indemnización a tanto alzado de 7.000 a 10.000 euros, sen desglosar nin determinar a cal dos conceptos indemnizatorios se refire.

Examinada a documentación presentada coa reclamación, constan informes médicos nos que se refiren os seguintes datos:

- A Sra. Romero Oujo foi atendida no Servizo de Urgencias do Hospital do Barbanza o día 15/03/2017 tras sufrir unha caída na rúa. O diagnóstico é torcedura do nocello do pé esquerdo.
- Tras diversas consultas no seu médico de cabeceira, é atendida no servizo de traumatoloxía do Hospital da Barbanza o día 15/05/2017, data na que se da de alta.

A reclamante non achega outros datos indicativos de prexuízo por perda temporal de calidade de vida, nin tampouco acredita prexuízos de carácter patrimonial, polo que se entende que a indemnización que lle corresponde debe cingirse aos días invertidos na curación da lesión, isto é, do 15/03/2017 ao 15/05/2017, o que fai un total de 62 días, cuxa valoración económica determinase mediante a contía de 30 euros por día, en aplicación do artigo 136 da Lei 35/2015, o que fai un total de 1.860 euros, en concepto de indemnización.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data





16/10/2018, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 16/10/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Ruth Romero Oujo na contía de 1.860 €.

O abono da referida contía farase do seguinte xeito: o Concello abonará a dona Ruth Romero Oujo a contía de 150 €, que é a franquicia estipulada coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas na data da caída, correspondendo a Mapfre Seguros de Empresas o abono da contía restante, isto é, a cantidade de 1.710 €.

2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA JUANA CASAIS ARES POLOS DANOS E LESIÓNS SUFRIDOS POR MOR DUNHA CAÍDA NO PASEO DE COROSO AO TROPEZAR CUNHA MANGUEIRA. Expediente: RP/14/2017.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dona Juana Casais Ares**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesiós sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 29 de abril do 2016 dona Juana Casais Ares ía camiñando polo Paseo de Coroso cando, á altura da Escola Oficial Náutico Pesqueira, tropezou cunha mangueira que se atopaba atravesada no chan do citado Paseo e que estaban a utilizar os operarios da entidade Viaqua para encher un camión cisterna, o que fixo que perdera o equilibrio caendo ao chan.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. Casais Ares sufriu graves lesiós polas que tivo que ser atendida no Hospital da Barbanza, no que lle diagnosticaron fractura de cabeza humeral dereita.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 29/06/2016, dona Juana Casais Ares presenta reclamación na Oficina Municipal de Información ao Consumidor contra Viaqua, reclamación da que se da traslado á Alcaldía mediante escrito da responsable da OMIC de data 14/06/2017.

Dende as citadas dependencias municipais faise chegar a seguinte documentación: Folla de reclamación contra Viaqua rexistrada de entrada na data 29/06/2016; copia simple de informe de alta de urxencias emitido na data 29/04/2016 pola doutora Lucía Fariña Díaz do Hospital da Barbanza; copia simple de informe de lata de urxencias emitido na data 29/04/2016 polo doutor Juan Luis Furones Ramos do Hospital da Barbanza; copia simple de informe emitido pola doutora Isabel Rego do Centro de Saúde de Riveira; copia simple do informe de alta



FIRMANTE - FECHA
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2018 JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 23/10/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2018 10:52:19





emitido na data 18/05/2016 pola doutora Ana Codesal Norniella do Complexo Hospitalario Xeral de Lugo; copia simple de diversas citas para consultas médicas; copia simple do oficio da alcaldía do 18/07/2016 dando traslado da reclamación á entidade Viaqua; copia simple do escrito de resposta á reclamación da Sr. Casais Ares presentado por Viaqua, rexistrado de entrada na data 12/08/2016 co número 10.355; copia simple do escrito de alegacións realizado pola Sra. Casais Ares na data 24/10/2016; copia simple dunha solicitude de inclusión no rexistro de pacientes en espera; copia simple do oficio de data 21/04/2017 dando traslado a Viaqua do escrito de alegacións presentado pola Sra. Casais Ares; e copia simple do escrito presentado por Viaqua, rexistrado de entrada na data 05/05/2017 co número 7.339.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 07/03/2018 co número 3.128, dona Juana Casais Ares achega a seguinte documentación: copia simple do DNI de dona Ramona González Domínguez que a acompañou no Centro de Saúde; copia simple do informe de saúde emitido na data 01/03/2018 pola doutora Isabel Rego Lijó do Centro de Saúde de Riveira; copia simple do informe de alta de urxencias emitido na data 29/04/2016 pola doutora Lucía Fariña Díaz do Hospital da Barbanza; copia simple do informe de alta emitido na data 18/05/2016 pola doutora Ana Codesal Norniella do Complexo Hospitalario Xeral de Lugo; copia simple do protocolo cirúrxico emitido na data 17/05/2016 polo doutor José Ramón Fernández Barriales do Complexo Hospitalario Xeral de Lugo; copia simple do informe de alta de urxencias emitido na data 29/04/2016 polo doutor Juan Luis Furones Ramos do Hospital da Barbanza; copia simple de informe de alta emitido na data 31/12/2016 polo doutor Ricardo Andrés Rion Giraldo; copia simple do protocolo cirúrxico emitido na data 29/12/2016 polo doutor Germán Alejandro Mendoza Revilla do Complexo Hospitalario Xeral de Lugo; e copia simple do curso clínico do Complexo Hospitalario Xeral de Lugo.

Mediante escrito rexistrado de entrada na data 26/04/2018 co número 6.206, dona Juana achega documento acreditativo de realización de sesións de fisioterapia.

A pesar do requirimento realizado á reclamante, esta en ningún momento aporta ao expediente valoración económica das lesións e danos padecidos.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, ademais da documentación á que se fixo referencia nos antecedentes anteriores, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 11/01/2018 pola Policía Local.
- Informe emitido por Viaqua, rexistrado de entrada na data 03/01/2018.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta presentación de alegacións polos interesados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO





Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A





contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimada a Sra. Juana Casais Ares para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido no Paseo de Coroso, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. Casais Ares. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Riveira non tivo constancia dos feitos obxecto da reclamación, polo que non consta informe policial sobre o accidente sufrido por dona Juana.
- A entidade Viaqua informa o seguinte: *“1. Somos conocedores de los hechos declarados, puesto que, como indica la declaración, operarios de la empresa estaban presentes en el momento del incidente. Además, han sido emitidos dos informes con anterioridad, adjuntos a dicha reclamación. Una vez informados de los hechos, se procedió a dar parte a la Compañía de Seguros de la póliza de Responsabilidad Civil suscrita con HDI HANNOVER INTERNATIONAL (ESPAÑA) S.A., abriendo siniestro con NºRef. 16/11164. 2. Los hechos acontecidos tuvieron lugar en Paseo Coroso s/n, Ribeira, el día 29/04/16 sobre las 12:30h. Durante el incidente el camión de saneamiento*





se encontraba parado en el carril de la carretera en Rúa Paseo Coroso, llenando el depósito de agua a través de una manguera elástica en una boca de riego pública ubicada en la acera. 3. El lugar de trabajo se trataba de una vía con buena visibilidad, iluminada y en la que pueden observarse, en caso de haberlas, cualquier anomalía o deficiencia. En este caso, la deficiencia existente no era una traba oculta, inapreciable para el reclamante, sino que se trataba de una irregularidad apreciable y señalizada, de tal modo que a simple vista existiendo una cierta exteriorización del riesgo, éste podía ser detectado empleando una especial diligencia en el control de la propia circulación, que de ser observada posiblemente se tendría evitado el daño padecido. Estos hechos son reconocidos por la reclamante en su declaración. 4. Como se indicó anteriormente, existía una ruta peatonal alternativa por la acera de enfrente del vial, el riesgo debería haber sido a toda vista evitable por el peatón. Sin embargo, la persona decidió salvar el obstáculo actuando según su criterio personal. 5. Como ya se expuso en anteriores ocasiones, el informe médico y la propia reclamante indican que se trata de una persona de 68 años que sufre de vértigo de Meniere, con lo que además de la imprudencia del peatón, circunstancias personales podrían haber influido en la caída.”

Da análise das probas referidas, podemos concluir que, na data da caída, existía unha manguera que atravesaba parte do Paseo polo que camiñaba a reclamante debido aos traballos que neses intreos estaban levando a cabo operarios da concesionaria do servizo de saneamento municipal Viaqua, e que o referido obstáculo na rúa era perfectamente visible e apreciable por calquera viandante, non só polo grosor da manguera, senón tamén pola existencia de operarios e do camión, isto é, era perfectamente apreciable para calquera peón a realización de traballos nese tramo do Paseo de Coroso, polo que nestas circunstancias a reclamante debeu poñer máis atención ao camiñar e sobre todo tendo en conta as circunstancias persoais dela, sen embargo, e a pesar de existencia dunha zona alternativa pola que seguir camiñando, a reclamante aventurouse a pasar pola zona de traballo dos operarios de Viaqua, sucedendo así o accidente polo que agora se reclama.

Así as cousas, coa pretensión de responsabilizar á Administración deste suceso estaría facendo un chamamento á falta de responsabilidade individual pese a constituír esa responsabilidade uns dos fundamentos da vida social.

Neste sentido, ten insistido a doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo que a Administración Pública responde de forma directa e inescusable de todo dano antixurídico sempre que sexa causado polo funcionamento da actividade administrativa, pero elo non significa que a responsabilidade patrimonial converta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de todos os riscos sociais.

Sinala o Alto Tribunal, que non pode garantirse totalmente aos peóns que non sufrirán unha caída na rúa e polo tanto os viandantes, para evitar as caídas, teñen que observar tamén a dilixencia debida, que será maior ou menor segundo as circunstancias persoais de cada un pois non é posible estender a cobertura do servizo público viario ata garantir a ausencia total de deficiencias que, aínda





séndoos, dificilmente poden ser consideradas como xuridicamente relevantes na xeración dun risco cuxa produción constitúa á Administración na obriga de resarcilo por canto mais que unha ausencia de servizo ou un servizo defectuoso tales deficiencias poden encontrarse dentro de parámetros de razoabilidade que deben cualificarse como riscos sociais admitidos propios da vida colectiva e socialmente tolerados.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 17/10/2018, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Juana Casais Ares polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **Cristian González Miranda**, de data 02/10/2018 (Rexistro de entrada nº 14.197), no que solicita reserva de praza para estacionamento de persoas con mobilidade reducida na Rúa Álvaro Cunqueiro (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 10/10/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar o pintado dunha reserva de praza para estacionamento de persoas con mobilidade reducida na Rúa Álvaro Cunqueiro, á altura do nº 25 (Riveira), ao ser a zona máis próxima á súa vivenda, según o sinalado no citado informe policial.

2.- Visto o informe emitido pola Policía Local, en data 11/10/2018 (Oficio de saída de 12/10/2018 – Rex. Saída P.L. nº 1440/18), no que pon en coñecemento que o cruce das rúas Ameneiro e Pedro Arias carece de disco de sinalización de Entrada Prohibida (R-101).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á instalación dun disco de sinalización de Entrada Prohibida (R-101) no cruce das rúas Ameneiro e Pedro Arias.





3.- Visto o informe emitido pola Policía Local, en data 05/10/2018 (Oficio de saída de 12/10/2018 – Rex. Saída P.L. nº 1439/18), relativo á carencia de sinalización nas rúas Arrochela e Cruceiro de Cruces (Palmeira), así como no seu entorno, para que a circulación rodada sexa de sentido único.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda a instalar a sinalización axeitada (R-400b) nas rúas Arrochela e Cruceiro de Cruces (Palmeira), así como no seu entorno, para que a circulación rodada sexa de sentido único, según o sinalado no citado informe policial

SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2018-2019

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 17/10/2018, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2018-2019

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela

Vidal Amezqueta, Ion	54224951J
Paz Crujeiras, María	54226070M
Mariño Pérez, Antía	53798935A
Ruiz Muñiz, Eva	53796661Y
Mendoza Madrid, Sofía	Y0453182G
Crujeiras Rama, Luis David	53796183B
Pérez Martínez, Noelia	53489229S
Pérez Sieira, David	53488636C
Reiriz Barreiro, Francisco	53488755R
Rodríguez sanlés, José Manuel	53796930E
Fernández Miniño, Laura	53796413B
Santos Ruiz, Séfora	53489022S
Fernández Rosales, Juan	53799528K
Hermo Fernández, Judith	54225291P
Pérez Sampedro, Ana Belén	53798996H
Suárez Mariño, Laura	53489209H
Triñanes Pérez, Laura	54227722R





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Hornero Franco, Fernando	53795291Q
Vila Martínez, Sergio	53489616B

Destino A Coruña

Ramallo Suárez, Clara	53799142A
Hornero Franco, Fernando	53795291Q

Destino Lugo

Martínez Teira, Uxía	53798226F
----------------------	-----------

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario acctal., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario acctal.

José Martínez de Llano Orosa

